

GODLAND

Hlynur Palmason, 2022

1152

ESTREA EN NUMAX: 11.08.2023 | V.O.S.E. | +12 | 143 min

A finais do século XIX, un mozo sacerdote danés chega a Islandia coa misión de construír unha igrexa e fotografar aos seus habitantes. Pero, canto máis se interna naquela implacable paisaxe, máis se sume nas ansias da tentación e do pecado.

«Unha historia de marabillas naturais, beleza elemental e loucura humana»

Justin Chang, LOS ANGELES TIMES



Entrevista con Hlynur Palmason: «Sempre explico a vida interior dos personaxes a partir da explicación do mundo que os rodea»

Por Jan Lumholdt

Na estrea soubemos que sete fotografías sacadas por un vicario danés serviron de inspiración para o filme. Como foi ese descubrimento? É algo que lle contei ao meu equipo, ao reparto e aos do equipo de produción ao comezo de todo, pero en realidade é unha ficción que se me ocorreu durante o proceso de escritura. Fíxeno para estimular os meus sentidos. Nun principio non tiña pensado mencionalo no filme, pero ao final pensei que de sacar a inspiración daquelas fotografías, o espectador tamén debería sabelo. Agora témolas fisicamente porque as fixemos empregando o proceso de colodión húmido, como se faría no seu momento. Por agora só presentamos unha, que é o póster. Máis adiante desvelaremos o resto, dunha nunha.

Godland aborda un mundo entre dous países, Dinamarca e Islandia, e as forzas opostas, representadas por Lucas, o clérigo danés, e Ragnar, o guía islandés. Como describirías a cada un deles e que sentes por eles? A verdade é que os dous me caen moi ben. Lucas, con quen conecto moito, tanto se me gusta como se non, é o idealista, un home moderno, mentres que Ragnar é todo o contrario, un home da natureza, do clima e case da terra. Porén, durante a viaxe, as capas que cobren a Lucas vanse desprendendo porque esta terra descoñecida tira delas. Ragnar é todo un misterio, é un narrador de historias e un poeta improvisado que quizais fixo cousas que non debía e ás que non deu carpetazo, e agora anda en busca de salvación, aínda que lle ten medo a Deus.

É posible que coñeceramos personaxes similares? Quizais nalgún western de John Ford? Comentárono varias persoas, e saíu o nome de John Ford e o de Kurosawa, e tamén de historias nas que a localización é moi importante, case un personaxe máis do filme. Eu crecín con eses filmes, así que sen dúbida fixéronme ser quen son, e podo entender a conexión. Para describir os meus personaxes, sempre explico a súa vida interior a partir da explicación do mundo que os rodea.

Cando un ve o teu filme e imaxina a rodaxe, diría que tampouco debeu de ser fácil o traballo detrás da cámara. O curioso é que a rodaxe tivo lugar preto de onde vivo agora, na costa sueste de Islandia, así que foi moi persoal. É unha zona inmensa e moi illada. O equipo non está formado por moitas persoas e non dispoñíamos de moito diñeiro, pero sacámoslle todo o proveito ao que tiñamos e alongamos a rodaxe durante moito tempo en lugar de rodar pouco tempo cun equipo moi numeroso. O plan era rodar cronoloxicamente e alégrome de que saíse ben. Desde o punto de vista físico foi esixente: Elliott Crosset Hove perdeu doce kilos, creo, e tomouno moi en serio. Gustoume moito ver o seu declive físico. A rodaxe estendeuse dous anos.

Amosas esas inmensas e illadas paisaxes islandesas nunha secuencia moi longa, coa música dun dos himnos nacionais daneses máis famosos, o que resulta irónico. Que se che pasou pola cabeza para facer algo así? É un himno bonito, con letra de H.C. Andersen. No filme xogamos cos opostos. O título danés está escrito en vermello, e o islandés, en azul. Quero tratar ambos países de maneira xusta. Adoro Dinamarca, estudei aquí, os meus fillos medraron aquí, moitos dos meus colaboradores son daneses, pero ás veces creo que é importante chegar a un debate fondo. Este filme transita por unha delgada liña.



**Na librería
NUMAX**
numax.org/librería

Una historia de la luz,
Jan Němec.
Errata Naturae, 2019

Entre cielo y tierra,
Jón Kalman Stefánsson.
Salamandra, 2011

El zorro ártico,
Sjón.
Nórdica, 2021